



Veciñanza denuncia o estado de abandono da área de petroglifos da Ran

Este primeiro ano de bipartito non supuxo avance ningún no que se refire ao coidado dos bens patrimoniais, e o que vemos é continuidade a respecto da nefasta lexislatura anterior neste aspecto. O total abandono no que se atopan non só dificulta a súa visita, senón que ademais dá unha imaxe deplorable do noso municipio e da política que se leva a cabo para a conservación do patrimonio histórico-artístico.

Cuntis. 12 de maio de 2016. Cuntis presenta un rico catálogo de bens patrimoniais debidamente catalogados pola Xunta de Galicia (Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia). Sen dúbida, a área de petroglifos da Ran é unha das principais referencias. Nela investíronse no ano 2009 case 26.000 euros para acondicionar a zona, limpala, sinalizala e adecuala cos debidos camiños, iniciativa naquela altura da Asociación para o desenvolvemento dos Vales do Ulla e Umia.

O estado que presenta actualmente é lamentable, de abandono absoluto. Nin durante a lexislatura pasada nin no que vai desta se acometeu ningunha actuación de mantemento nin conservación nas zonas rupestres polo que, arestora, non se distinguen os camiños de xabre, os indicadores agóchanse entre as silveiras e falta xa algún panel divulgativo dos que se instalaran. Ao non existir coidado, as matogueiras invaden todos os recunchos xerando riscos potenciais como a proliferación de lumes forestais, que serían devastadores para os gravados. A vexetación, alén de ocultar as rochas con gravados prehistóricos da Idade do Bronce, provoca que moitos sexan dificilmente localizables. Os camiños de acceso xa nin se contemplan en moitos casos. Son varios os focos nos que se teñen atopado vertedoiros incontrolados, con restos de esqueletos de animais, materiais de obra e restos vexetais de podas. Ademais dos lumes, a proliferación de diversos tipos de liques na pátina superficial das laxes insculturadas fan que estes poidan padecer, a medio ou longo prazo, danos significativos irreversibles que ocasionarían a deterioración dos conxuntos rupestres.

Por medio de folletos, distintas publicacións culturais e a mesma páxina web municipal (www.turismodecuntis.es) faise publicidade destes recursos patrimoniais e turísticos, os cales calquera visitante vaino ter ben complicado de localizalos. **O total abandono no que se atopan non só dificulta a súa visita, senón que ademais dan unha imaxe deplorable do noso municipio e da política que se leva a cabo para a conservación do patrimonio histórico-artístico.**

Este primeiro ano de bipartito non supuxo gran avance no que se refire ao coidado dos bens patrimoniais do noso municipio, e o que vemos é continuidade a respecto da nefasta lexislatura anterior neste aspecto. Hai que lembrar que a Administración local ten a obriga de conservar e protexer estes bens, que son un reclamo turístico de primeira orde. O Goberno de Cuntis amosa unha total deixazón de funcións neste aspecto, desprotexendo por completo estas áreas. Con todo, non está de máis salientar que as tarefas de conservación deben ser supervisadas polos técnicos correspondentes.